

## MANIFESTO

LEXISLAR PARA BURLAR A XUSTIZA, GOBERNO DA XUNTA GOLPISTA

### EÓLICA ASÍ NON

17 decembro 2024

HOXE martes, 17 de decembro, a maioría absoluta do Partido Popular no Parlamento, vén de dar un golpe definitivo contra os dereitos dos galegos e galegas e do noso territorio fronte ao espolio eólico do país.

De novo, o PP utiliza a Lei de acompañamento de orzamentos da Xunta para reformar as normas e fulminar calquera oportunidade de defensa das poboacións e comunidades afectadas pola invasión eólica. Tamén, a través do Parlamento galego intenta burlar as disposicións xudiciais que manteñen paralizados cautelarmente ducias e ducias de proxectos eólicos que son potencialmente ilegais.

A Xunta de Rueda non respecta o poder xudicial. Fai un uso interesado das institucións públicas, como é o Parlamento Galego, para actuar de mala fe contra os tribunais de xustiza e contra todas aquelas plataformas veciñais e entidades sociais que, lexitimamente, intentamos defender o territorio do espolio eólico.

O goberno da Xunta vén de poñer a disposición da patronal eólica todos os instrumentos necesarios para pasar por riba dos dereitos dos cidadáns. Estanse destinando recursos públicos para exercer unha "auténtica violencia institucional" contra as comunidades de veciños e veciñas afectadas polo modelo eólico irracional, antisocial e antiecolóxico do Partido Popular.

Este continuo acoso administrativo que sufrimos, exerceuse pola Xunta de varias formas: empachándonos dunha multitude de procedementos administrativos, desregulando as normas que ordenan e protexen o territorio, xerando inseguridade xurídica, limitando os noso dereitos de acceso á información e á xustiza, difamándonos e criminalizando os tribunais e a protesta social.

O dereito á protesta, o que aquí e agora exercemos,... será o seguinte dereito que a Xunta nos queira quitar...? Non nos confiemos.. Un goberno que legisla constantemente en contra do pobo, e que abertamente presume de legislar para burlar a Xustiza, é un goberno golpista! A Xunta de Rueda é un goberno golpista!

A lei de acompañamento dos orzamentos que hoxe aprobou o PP deixa moi claras as intencións de Rueda: deixarnos "aos pés dos cabalos"!, poñernos entre a parede e o pelotón de fusilamento! Este goberno non traballa para o país, traballa para o Capital, un Capital que manipula, especula e destrúe o territorio e as persoas que viven nel para o seu propio beneficio.

Pero desde a Coordinadora *Eólica Así Non* queremos dicirlle a Rueda: non imos parar! Seguiremos defendéndonos nos tribunais, seguiremos desmontando as súas mentiras, seguiremos nas rúas!

E aquí, anunciamos que a vindeira convocatoria de mobilización social da Coordinadora *Eólica Así Non* será o vindeiro 26 de xaneiro. Reservemos esa data, o 26 de xaneiro, para volver á rúa! Na mobilización nos veremos!

Por un modelo enerxético xusto e sustentábel, e ao servizo do pobo!

EÓLICA ASÍ NON!